

Asamblea Asomúsica

Achegado por Administrator
martes, 24 de junio do 2008

Estimad@s soci@s:

Convocamos xuntas ordinaria e extraordinaria de Asomúsica o vindeiro día 25 de Xuño, no IES santa Irene de Vigo, ás 18:00 horas.

A razón de facelo deste xeito débese a que estamos na obriga de convocar xunta ordinaria nos 6 primeiros meses do ano pero, por outra banda, só nas extraordinarias pódese renovar a xunta directiva.

Ata última hora estivemos pendentes de poder celebrala no IES Rosalía de Castro de Santiago pero, pola urxente necesidade de levala a cabo e non poder confirmar a tempo a dispoñibilidade, decidimos facela en Vigo.

A orde do día é a que segue:

- Lectura e aprobación, se procede, da acta da anterior xunta.
- Informes da xunta directiva (da asociación e da situación da materia coa plena aplicación da LOE)
- Renovación de cargos na xunta directiva.
- Rogos e preguntas.

Sen máis recibe un saúdo.

Óskar Galende.

Presidente de Asomúsica

Tod@as @s que nos sexades soci@s e querades poñervos en contacto coa Asociación pasade pola reunión deste mércores, 25 de xuño, ás 18:00 horas, en Vigo.